

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente: 2003/441

## MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

### 1.- OBJECTO DO CONTRATO

A execución das obras do proxecto de "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024. Expte. 3506-443.

A Rede de Estradas do Estado no termo municipal de Vigo inclúe o tramo denominado "Avenida de Madrid", incluído na autovía A-55 entre a praza de España (P.K. 0+000) e a intersección coa rúa Gandarón (P.K. 2+370). Co paso do tempo esta avenida quedou absorbida dentro do tecido urbano de Vigo e a súa contorna metropolitana, feito que fai necesaria a súa humanización, aumentando a permeabilidade transversal para o peón, mellorando a iluminación e o mobiliario urbano, adaptando as paradas de autobús para que sexan máis accesibles.

O devandito proxecto ten por obxecto adaptar a Avenida de Madrid á realidade actual, transformando a citada avenida nunha vía urbana e logrando a humanización da súa contorna que constitúe en si mesmo unha barreira e posúe características desfavorables para o tránsito peonil.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como **contrato de obras**, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 19.1 e 20.1. da LCSP, segundo a Orden HFP/1298/2017, de 26 de decembro, o presente contrato ten a consideración de **contrato suxeito a regulación harmonizada** tanto polo seu obxecto e cualificación, como polo valor estimado calculado conforme ás regras establecidas no artigo 101 e o carácter da entidade contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:44	Páxina 1 de 6
2003-441	CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente: 2003/441

## 2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

### a) Prezo do contrato e Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de **QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 2.758.503,32 €.

O orzamento base de licitación correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

O orzamento do proxecto de obra aprobado considera un porcentaxe de custes indirectos e os mesmos atópanse aplicados aos prezos descompostos nos que se dividen as unidades de obra.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de **QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €)**.

### b) Anualidades:

Atendendo as obrigas do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA O DESEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370) que financia a execución das devanditas obras, e a proposta do reaxuste de anualidades acordada e proposta pola Comisión Paritaria de Seguimento do dito convenio, na reunión celebrada o pasado 07.05.2024 (Expte. 1717-441), establecece as seguinte anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:44	Páxina 2 de 6
2003-441	CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOSCONCELLO  
DE VIGO

Expediente: 2003/441

	CONCELLO DE VIGO	MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA	TOTAL
2024	590,000.00 €	1,180,000.00 €	1,770,000.00 €
2025	2,963,333.33 €	5,926,666.67 €	8,890,000.00 €
2026	1,744,744.47 €	3,489,488.93 €	5,234,233.40 €
<b>TOTAL</b>	<b>5,298,077.80 €</b>	<b>10,596,155.60 €</b>	<b>15,894,233.40 €</b>

**c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:**

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en **QUINCE MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E SEIS con DEZ CÉNTIMOS (15.762.876,10 €)**

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	11.038.428,64 €
GASTOS XERAIS (13%)	1,434,995.72 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	662,305.72 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	2,627,146.02 €
<b>VALOR ESTIMADO DO CONTRATO</b>	<b>15,762,876.10 €</b>

Copia do documento - Concello de Vigo  
2003-441

Data impresión: 12/08/2024 13:44

Páxina 3 de 6

CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente: 2003/441

### 3.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto.

### 4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 DE ABRIL

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.6190091, proxecto de gasto 23153291 (1º ANUALIDADE HUMANIZACIÓN AVD. MADRID), segundo a distribución de anualidades proposta.

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Trátase dunha actuación obxecto de cofinanciamento, mediante o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA O DESEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370). O mesmo foi asinado entre as partes en datas 12 e 13 de xullo de 2023. Expte. 1717-441.

O obxecto do citado convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello de Vigo para a execución e o financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370) e as asistencias técnicas necesarias para o seu desenvolvemento e execución; así como a cesión polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo no tramo de estrada A-55 entre os PP.KK. 0+000 y 2+600, con todos os seus elementos auxiliares e equipamentos.

No convenio contéplanse as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo coa lexislación orzamentaria, os mecanismos de seguimento, vixilancia e control do convenio, así como as causas de modificación e resolución do mesmo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:44	Páxina 4 de 6
2003-441	CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente: 2003/441

O gasto proposto cumpre co principio de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado no orzamento e vinculad0 ao cofinanciamento mediante o antedito convenio.

O gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello, o que redundará nun aforro de mantementos e consumos para o Concello de Vigo.

## 5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

En virtude da cláusula cuarta do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os pp.kk. 0+000 e 2+370) que financia a execución das obras, establececese o seguinte réxime de pagos:

- Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais, acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra, que serán asignadas proporcionalmente na proporción de 2/3 ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e na proporción 1/3 ao Concello de Vigo.

Polo que o contratista deberá emitir dous facturas, separando a inversión realizada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Capítulo 6 del programa 453C da Dirección Xeral de Estradas) da realizada polo Concello de Vigo, na proporción indicada do devandito convenio.

- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura emitida a nome do Concello de Vigo deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo  
2003-441

Data impresión: 12/08/2024 13:44 Páxina 5 de 6  
CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA  
ÁREA DE GOBERNO DE  
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente: 2003/441

En consecuencia aos antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento remitir a presente memoria económica para continuar a contratación das obras do “PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

CONFORME,

O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos.- Francisco Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 13:44	Páxina 6 de 6
2003-441	CSV: A7A955-3B434F-872H4B-L43GU5-MES1L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		